

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1111MY	<i>Expediente</i> CON/6/2017	<i>Fecha</i> 14-08-17 09:31

Número 26 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática en funcións relativa á adxudicación do contrato "servizo de conservación e mantemento do cemiterio municipal de Santiago de Compostela".

Destinatario

15078DCMG1111MY%



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 11 de agosto de 2017, adoptou o seguinte acordo:

26 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE, CONVIVENCIA E INFORMÁTICA EN FUNCIÓNS RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO "SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática en funcións, de data 3 de agosto de 2017, así como do informe de Intervención nº 615/2017, de data 8.agosto.2017, da interventora municipal.

Na devandita proposta indícase o seguinte:

"Rafael Peña Vidal, concelleiro delegado de medio ambiente, convivencia e informática en funcións, por decreto de alcaldía de 27 de xullo de 2017, en relación coa licitación "Servizo de conservación e mantemento do cemiterio municipal de Santiago de Compostela", consonte os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1111MY	<i>Expediente</i> CON/6/2017	<i>Fecha</i> 14-08-17 09:31

Primeiro: Con data 6 de xullo de 2017, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador FUNERARIA TANATORIO APOSTOL SANTIAGO SL.

Segundo: Con data 18 de xullo, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa FUNERARIA TANATORIO APOSTOL SANTIAGO SL (CIF: B15657901), por un importe de 117.000 euros/ano (IVE aparte 21%: 24.570 euros/ano), ó ser a súa a única oferta presentada e reunir os requirimentos dos pregos de aplicación.

Así mesmo, compromete un prezo de construción de sepulturas baixo terra de 1.080 euros e a asunción dos gastos de dez inhumacións por beneficencia.

Desígnase como técnico municipal director-responsable do contrato a D. Luis Alberto López García, inspector técnico de servizos.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 060 16400 22700 010, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2017: 47.190 euros.
Anualidade 2018: 141.570 euros.
Anualidade 2019: 94.380 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1111MY	<i>Expediente</i> CON/6/2017	<i>Fecha</i> 14-08-17 09:31

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa FUNERARIA TANATORIO APOSTOL SANTIAGO SL (CIF: B15657901), por un importe de 117.000 euros/ano (IVE aparte 21%: 24.570 euros/ano), ó ser a súa a única oferta presentada e reunir os requerimentos dos pregos de aplicación.

Así mesmo, compromete un prezo de construción de sepulturas baixo terra de 1.080 euros e a asunción dos gastos de dez inhumacións por beneficencia.

Desígnase como técnico municipal director-responsable do contrato a D. Luis Alberto López García, inspector técnico de servizos.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 060 16400 22700 010, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2017: 47.190 euros.
Anualidade 2018: 141.570 euros.
Anualidade 2019: 94.380 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO SUPLENTE SEGUNDO DA XUNTA DE GOBERNO
DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Jorge Carlos Duarte Vázquez



